

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 14, 27-31a

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

– «Déixovos a paz, douvos a miña paz: eu non vola dou coma o mundo a dá. Non vos angustiedes, nin teñades medo. Oístes que vos dixeran: "Voume e logo volvo onda vós". Se me amasedes, alegrariádesvos de que eu vaia onda o Pai, xa que o Pai é máis ca min.

Díxenvolo agora, antes de que suceda, para que, cando suceda, creades. Xa non falarei moito convosco, pois está a vir o príncipe deste mundo. Sobre min non ten nada; mais é para que saiba o mundo que eu amo ó Pai, e que, coma o Pai me mandou, así fago.»